

Grazas á Secretaría Xeral de Política Lingüística polo seu apoio ao longo destes anos, na persoa de Valentín García.

Agradecemento a esta Facultade de Filoloxía e Tradución, na persoa da súa Vicedecana Beatriz Rodríguez.

Ao director do departamento de Filoloxía Galega, Xosé Henrique Costas.

Grazas á profesora escritora Xina Vega, coordinadora do Ciclo, e a vós por nos acompañar.

Amigas e amigos:

Son xa once anos dende que no Consello Directivo da AELG vimos a necesidade das achegas do escritor, da escritora, no debate que se ten que dar día a día, no territorio do ensino universitario da literatura e no lugar onde se desenvolve o labor de investigación nos territorios da escrita literaria.

Hai uns meses reflexionaba eu sobre a escrita literaria e a necesaria participación do escritor, da escritora, en alimentar a imprescindible reformulación do feito literario para estes novos tempos, tan envellecidos, dunha perversa sobreinformación que sepulta a nosa capacidade de comprensión e que leva a banalizar, por saturación audiovisual, as causas dos problemas que traen a dor ao ser humano, invisibilizado ao tempo que banaliza as palabras e os seus significados. Como exemplo, fálannos os mass media do drama estarrecedor que está a acontecer no Mediterráneo e no Exeo coas persoas desprazadas, coma se fosen actos individuais e case voluntarios para diluír así a percepción dos motivos da súa expulsións, a causa das guerras baixo as máis diversas formas -tamén a causa da fame, que arrinca a xente da súa terra coma árbores, en palabras de Juan Gelman-, e anulan a capacidade das persoas para determinaren o seu futuro persoal e colectivo, ocultándonos a comprensión, análise e propostas para as necesarias mudanzas estruturais. Para, finalmente, desactivar a nosa capacidade crítica.

Este, entre outros moitos lugares do Nós e do Eu, é o lugar da literatura, de importancia fulcral, porque transcende o evidente e ten a capacidade de axudar a reverter esta situación, pois somos, ou debemos ser, capaces de ollar, de ler no oculto ou ocultado. Os escritores e escritoras sabemos chegar ás capas primeiras onde habita o non-visible, coas súas verdades como plenitude existente. O escritor, a escritora, necesariamente, ten desenvolvido as capacidades de saber chegar aos territorios da sombra, do non evidente, do non manifesto, mesmo do imposible de explicar, e interpreta e aprende do silencio que alí reina, silencio que é o ruído de fondo da existencia, persoal ou colectiva. Sabendo asumir a imposibilidade de, ás veces, explicar e dar resposta. Na consciencia de que tan só, e nada menos, sabe facer as necesarias preguntas. Na consciencia de que o escritor contén a súa propia escuridade, a soidade, a dúbida, a necesaria vulnerabilidade.

Persoalmente, coido que é importante que o escritor, a escritora, tropece na súa busca co centro das súas consciencia e conciencia, que dubide de si, cousa non frecuente na

cultura do chamado Occidente, tan amigo das certezas, nunha sociedade e nun tempo onde se sobredimensiona a individualidade que acompaña os valores do mercado e abandona, totalmente, as necesidades do individuo na súa condición de ser humano.

Como escritoras e escritores, transcendemos o acontecer para que o que aconteza posúa significado ao remitilo aos planos do invisible, que conteñen o soño, a emoción, o pensar emocionado, que son o plano da radical profundidade. Que non son valores do mercado.

Así, para este tempo no que o visible informa, mais non comunica co invisible do eu ou do nós, é o escritor, a escritora, quen os pon en contacto e abre as portas do coñecemento dende a súa soidade creadora.

Así é como axuda o escritor, a escritora, á Cidadanía convertida en anónima consumidora, ser sen nome propio, como parte dese magma líquido da "opinión pública".

E finalizo con Ricardo Piglia: "A literatura individualiza, designa ao que le, faino verse nun contexto preciso, noméao". E engade: "A literatura fai iso: Dálle, ao lector, un nome e unha historia". No noso, como Galegos, dámos un nome dentro da nosa historia e á Nosa Terra dálle un nome e un lugar dentro da súa propia historia.

*Cesáreo Sánchez Iglesias  
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega  
Vigo, 26 de setembro de 2016*